




# FERVENZA DO ESCOURIDAL

Adela Leiro, Mon Daporta  
abril 20<sup>o</sup>9



**Distancia:** 4 km (total) por Esteleiro.  
3 km (ida e volta) desde a estrada ao Pereiro.  
**Dificultade:** media



Unha pequena ruta para coñecer unha das fervezas máis altas de Galiza, a caída pola que se desprende o Río de Guilfonso, un afluente do Ouro, entre os concellos do Valadouro e Alfoz. A ferveza é unha sucesión de saltos e tobogáns en rochas graníticas que en conxunto acadan máis de 70 m de altura.

Ao estar na linde de dous concellos pódese acceder desde calquera deles. Desde o Valadouro hai que achegarse á igrexa de San Xurxo do Cadramón desde onde xa hai sinais que nos guían ata ela pola estrada que vai a O Pereiro na que ao pouco collemos o desvío que vai a Liñarega, A Abeleira e Esteleiro. En Esteleiro déixase o coche e collése un carreiro, que pola parte de abaixo do lugar, baixa, rodeando o monte, cara ao río e segue ata a parte baixa da ferveza principal (1 km). Outro camiño pola parte alta de Esteleiro, que sae dun punto onde hai unha cruz, do que seguiremos sempre polos ramais da esquerda, condúcenos, aproximadamente nun km, á parte alta da ferveza, a onde baixamos por un carreiro entre o mato guiados polo ruído da auga, onde podemos ver unha sucesión de pozas e pequenos saltos entre grandes laxes.

Desde a Seara (Alfoz), seguindo os indicadores da Pedra Abaladoira chegamos ao Pereiro e pasado o lugar, camiño do Cadramón, atopamos ao pé da estrada un panel e os sinais indicadores da ruta e da ferveza. Desde aquí, por unha pista en bo estado de 1,5 km, pola que non está permitida a circulación de vehículos, chegamos, sen ningún atranco, ao pé da ferveza.

Desde calquera dos dous sitios estamos demasiado preto da ferveza para ter unha visión do conxunto. Para vela case enteira hai un punto na estrada que vai do Cadramón ao Pereiro que se atopa, vindo do Pereiro, despois de cruzar o río Ouro e no alto da subida que hai a continuación, antes de chegar á curva, témola detrás; e baixando do Cadramón témola de fronte xusto despois da curva na que comezamos a baixada ao río.

